


¿ONDE PODO
INFORMARME?



Se estás interesado/a no programa ou que-
res ampliar información sobre o mesmo
podes facelo poñéndote en contacto co De-
partamento de Servizos Sociais do Concello
de Cuntis.

As vías de contacto son:


- Por teléfono 
986548005 Extensión 11

- Por correo electrónico 
servizossociais@cuntis.es




CONCELLLO DE CUNTIS
SERVIZOS SOCIAIS

PROGRAMA HABILITAS



PARA A FORMACIÓN EN
AUTONOMÍA PERSOAL E
INCLUSIÓN COMUNITARIA DAS
PERSOAS CON DISCAPACIDADE
INTELECTUAL

PROGRAMA HABILITAS



O **Programa Habilitas** nace no ano 2009 coa fin de traballar pola mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual do municipio de Cuntis e está a desenvolver na actualidade a súa 4ª edición.

Iniciou o camiño coma unha acción formativa en habilidades sociais para ir medrando cara un *proceso de formación global en autonomía persoal e inclusión comunitaria*.

Cada paso que da está baseado na crenza de que a participación efectiva das persoas con discapacidade nos entornos naturais é a forma de que sexan cidadáns de pleno dereito, e trata de ofrecer en cada caso os apoios precisos para acadar esa meta.

Actualmente, o programa conta con 10 participantes e un equipo docente (coordinado dende o Departamento de Servizos Sociais do Concello) integrado por 3 técnicos/as especializados na atención directa e promoción da autonomía das persoas con discapacidade intelectual.

As actividades desenvólvense os venres ou sábados facendo uso dos diferentes recursos dos que dispón o Municipio de Cuntis, e alternando actividades máis estruturadas en aula, con outras de coñecemento e utilización dos recursos comunitarios (Biblioteca, Correos, Balneario, Pabillón de deporte, cafeterías, supermercados...)



HABILITAS

A estrutura do programa, está articulada en dúas áreas, unha destinada ó traballo coas persoas con discapacidade intelectual (*Plan Global de Autonomía*) e outra pensada para a coordinación coas familias (*Espazo de familias*).

- *Plan Global de Autonomía*
 - **Habilidades sociais:** actividades transversales destinadas a mellorar a comunicación e as relacións interpersonais dos participantes (escoita, pedir axuda, normas de cortésia, hábitos de conversa,...)
 - **Autonomía persoal e social:** nesta edición o centro de interese foi a *hixiene persoal e a saúde*, traballando aspectos como: o vestido, o aseo persoal, o coidado da roupa, a saúde, os servizos médicos, os primeiros auxilios,...




- **Coñecemento e utilización de recursos comunitarios:** continuando o traballo iniciado na edición anterior este ano tomouse contacto coa oficina de correos, o pabillón de deportes, e participamos nas actividades de preparación da noite das piñas en Castrolandín...

- **Ocio e deporte:** actividades elixidas polos participantes pensadas para divertirse e facilitar as relacións interpersonais. Este ano introducíronse as sesións de actividades física e deportiva



- **Creatividade:** obradoiros puntuais destinados ó traballo das habilidades manipulativas e o desenvolvemento da imaxinación, baseadas nos interese persoais dos participantes (cerámica, fotografía, debuxo e pintura...)



- *Espazo de familias*

Actividades de información, intercambio de opinións e acompañamento das familias e persoas de referencia do entorno natural dos/as participantes.

